

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Historia das artes do espectáculo
DISCIPLINA	Historia das artes do espectáculo I
TITULACIÓN	Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	4
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Teoría e historia das artes escénicas
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Santiago Prego Cabeza
DOCENTES	Nome e apelidos: Santiago Prego Cabeza, Roberto Pascual Rodríguez Horario titorías: Despacho: Departamento de Teoría e historia das Artes escénicas Contacto: santiprego@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Estudo das raíces e do desenvolvemento teórico e estético das diferentes formas do espectáculo, principalmente teatro, danza, ópera e circo a través da historia e atendendo á especificidade das competencias do perfil profesional da dirección escénica e da dramaturxia.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se establecen
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.
ED6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Comprensión científica do significado e alcance disciplinar da Historia das Artes do espectáculo no contexto dos estudos literarios, teatrais, filosóficos e artísticos.	T4, T8, X7, ED5, ED6
2. Adquisición e dominio dos elementos terminolóxicos e conceptuais correspondentes aos núcleos temáticos da disciplina.	T2, T4, T8, X3, ED5, ED6
3. Adquisición e dominio de coñecementos teóricos e dos recursos metodolóxicos para o estudo sistemático das artes escénicas na súa historia.	T2, T7, T8, X3, X8, ED5, ED6
4. Adquisición e desenvolvemento de capacidades básicas e técnicas de análise e investigación no marco da disciplina.	T2, T8, X7, ED5, ED6
5. Proxección da disciplina e dos seus aportes científicos, metodolóxicos e profesionais no ámbito da cultura e da creación artística da Dirección de escena e da Dramaturxia.	T8, X7, X8, ED5, ED6
6. Coñecemento do teatro e outras artes do espectáculo con vinculación á dirección de escena e a dramaturxia desde as orixes ata os nosos días.	T2, X3, X7, X8, ED5, ED6
7. Coñecemento específico de nocións básicas da historia do teatro e outras artes escénicas nos contextos máis próximos (Galicia).	T2, T4, T8, X7, ED5, ED6
8. Comprensión e utilización das características do teatro e doutras artes escénicas nas distintas épocas históricas co fin de comprender unha idea de evolución que guía a historia da arte dramática desde os conceptos de ruptura e revolución.	T2, T4, T8, X8, ED5, ED6

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS 2hs
1. Historia da ópera	1.1. Introducción á ópera 1.2. A ópera barroca: Cavalli e Cesti a Monteverdi. 1.3. Os madrigais e as mascaradas. 1.4. Século XVIII: Mozart. A reforma de Gluck. 1.5. Os xéneros fronteirizos. A comedia-ballet 1.6. A zarzuela 1.7. Wagner 1.8. A opereta. 1.9. O século XIX e a ópera italiana 1.10. Expresionismo e minimalismo en ópera. 1.11. A ópera en Galicia 1.12. O director de escena e a ópera	7
2. Historia das artes circenses.	2.1. Artes circenses e cultura corporal 2.2. O circo moderno. 2.3. O circo americano. 2.4. O circo no século XX. 2.5. O novo circo en Galicia. 2.6. O director de escena no novo circo 2.7. Os espectáculos de maxia 2.8. O circo social 2.9. Técnicas e glosario	7
3. O teatro musical	3.1. Orixes do teatro musical 3.2. Nacemento do musical americano. Dos minstrels a Broadway 3.3. A época dourada 1943-1968. De Oklahoma! a Hair 3.4. Os anos 70. Michael Bennett e Stephen Sondheim. 3.5. A ópera pop 3.6. A dirección de escena e o musical: a franquicia anglosaxona e a creación.	7
4. Bufón e Clown. Aspectos da dirección de escena.	4.1. O bufón. O espectáculo da deformidade. 4.2. O clown	7
TOTAL SESIÓNS		28

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	4		4
Exposición práctico-teórica	30	10	40
Práctica individual	16	30	46
Práctica colectiva	6	6	12
Titorías individuais		10	10
Actividades de avaliación. Probas / Revisión	4	4	8
TOTAIS	60	60	120

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introductorias	Presentación de cada núcleo temático da materia indicando competencias a acadar e plan de traballo.
Exposición práctico-teórica	Exposición por parte do profesor dos núcleos temáticos básicos da disciplina a través da consideración e análise de casos prácticos, documentos de diverso tipo e outros materiais. Fundamentación teórica a partir da reflexión.
Práctica individual	Traballos a realizar na aula por parte do alumno, sexa presentacións, preparación de debates ou exercicios específicos
Práctica colectiva	Traballos a realizar na aula en grupo ou en pequeno grupo.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Titoría presencial	O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Titoría electrónica	O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo: Con carácter obrigatorio, tódolos alumnos deben realizar un traballo individual de 2.000 palabras sobre algún aspecto das artes do espectáculo pactado previamente co profesor. O traballo deberá ser exposto en clase, e entregado con antelación á exposición.	TODAS	60%
Actitude: Participación activa nas actividades de aula. Asistencia ás titorías.	TODAS	10%
Actividades: Actividades de aula e realización satisfactoria das probas prácticas semanais.	TODAS	30%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
A avaliación na convocatoria extraordinaria de xullo consistirá ben nun exame que incluíra os temas impartidos en clase e algún caso práctico ou exemplo, ou ben nun traballo individual de 2.000 palabras sobre algún aspecto das artes do espectáculo pactado previamente co profesor. Será o docente quen decida cal das dúas opcións é a idónea para cada caso, así como se o traballo será unha mellora do presentado anteriormente ou se debe ser un traballo completamente diferente.	TODAS	100%
8.3 Avaliación específica ordinaria / extraordinaria para alumnado que perdera a avaliación continua		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo: Con carácter obrigatorio, aqueles estudantes que perdan o dereito á avaliación continua deberán realizar un traballo individual de 2.000 palabras sobre algún aspecto das artes do espectáculo pactado previamente co profesor.	TODAS	50%
Exame: Con carácter obrigatorio, aqueles estudantes que perdan o dereito á avaliación continua deberán realizar un exame que incluíra os temas impartidos en clase e algún caso práctico ou exemplo.	TODAS	50%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- MAUCLAIR, Dominique (2003) Historia del circo. Barcelona: Editorial Milenio.
- ALIER, Roger (2002): Historia de la ópera. Barcelona: Ediciones Ma Non Troppo.
- DÍAZ G. VIANA, Luis (1999) Los guardianes de la tradición. Ensayos sobre la "invención" de la cultura popular, Oiartzun, Sendoa editorial.
- KENRICK, John (2008): Musical theatre: a history. Continuum, Nova lorque.

Referencias complementarias

- ALIER, Roger (2002) La zarzuela. Barcelona: Ediciones Robinbook.
- AMORÓS, Andrés & DÍEZ BORQUE, José María [eds.] (1999) Historia de los espectáculos en España. Madrid: Editorial Castalia.
- BAJTIN, Mijail (1987) La cultura popular en la Edad Media y el Renacimiento. Madrid: Alianza Editorial.
- CARO BAROJA, Julio (1974) Teatro popular y magia. Madrid: Revista de Occidente.
- CAPDEVILA, Manuel (2004) El gran libro de la ópera. Barcelona: Ediciones Península.
- DÍAZ G. VIANA, Luis (1999) Los guardianes de la tradición. Ensayos sobre la "invención" de la cultura popular, Oiartzun, Sendoa editorial.
- GIL CALVO, E. (1993) Estado de fiesta, Madrid, Anagrama.
- HOOGEN, Eckardt van den, (2005) El ABC de la ópera. Madrid: Santillana Ediciones Generales.
- MARTÍ, Josep, (1996) Folklorismo: uso y abuso de la tradición, Barcelona, Ronsel
- OLIVA, César & TORRES MONREAL, Francisco (2005) Historia básica del arte escénico. Madrid: Cátedra.
- SÁNCHEZ, José A. (Ed.) (1999) La escena moderna. Madrid: Ediciones Akal
- TURNER, Victor (1988) El proceso ritual. Madrid: Taurus.

10. OBSERVACIÓNS

Manteranse medidas de prevención da Covid-19 en todos os espazos de traballo, como a hixiene das mans e a ventilación regular dos espazos pechados.

Así mesmo activaranse os protocolos que especifique a Administración educativa no caso de ser necesario.